



CONCELLO DE MUGARDOS  
(A CORUÑA)

Ref: DSA/secretaría

Asunto: MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE ICM SOBRE A CREACIÓN DUNHA REDE VECIÑAL DE PUNTOS SEGUROS CONTRA DAS VIOLENCIAS E DE APOIO E SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS.

En relación co asunto de referencia, remítolle, para o seu coñecemento e efectos, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo Concello Pleno de Mugar dos, en sesión celebrada o pasado 28.12.2018.

Mugar dos, 21 de xaneiro de 2019

AALCALDESA,



ASDO) MARÍA DEL PILAR DÍAZ OTERO

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS  
RÚA VARSOVIA 4C  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA





CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

**D. RAFAEL BERMUDEZ IGLESIAS, Secretario do Concello de Mugar dos, A Coruña.**

**CERTIFICO** : Que o Concello Pleno na sesión ordinaria realizada o día vinte e oito de decembro do ano dous mil dezaioito adoptou, entre outros, o seguinte acordo, a parte dispositiva do cal é a seguinte:

**“4.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE ICM SOBRE A CREACIÓN DUNHA REDE VECIÑAL DE PUNTOS SEGUROS CONTRA DAS VIOLENCIAS E DE APOIO E SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS.**

*Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal de ICM sobre a creación dunha rede veciñal de puntos seguros contra das violencias e de apoio e solidariedade coas vítimas, coas emendas introducidas durante o debate polas voceiras do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Os Verdes-SON no presente punto da orde do día, e que foron aceptadas polo relator da moción, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:*

- 1.- Adoptar as medidas necesarias para poñer en funcionamento no Concello de Mugar dos unha rede veciñal de puntos seguros contra das violencias machistas e en apoio e solidariedade coas vítimas, seguindo o modelo establecido no Concello de Ribadumia, contando sempre coa implicación e participación da veciñanza, corpos de seguridade, servizos sociais e CIM no seu desenvolvemento.*
- 2.- Establecer unha partida específica para este proxecto dentro dos orzamentos para o 2019.*
- 3.- Dar traslado á FEGAMP deste acordo para que promova a cooperación entre municipios e as iniciativas positivas no eido da loita contra a violencia de xénero.*
- 4.- Dar traslado ao Concello de Ribadumia do presente acordo.*
- 5.- Realizar campañas divulgativas de información, nos centros informativos deste Concello, para dar coñecemento da forma de proceder ante coñecemento ou sospeitas de violencia de xénero, en colaboración coa Garda Civil e Policía Local de Mugar dos.*
- 6.- Trasladar á comisión de benestar o debate sobre o estudo da implantación dun CIM, e os acordos que se inclúen nesta moción.”*

E para que así conste e á reserva do disposto no artigo 206 do R.O.F. expido o presente de orde e co visto e prace da sra. Alcaldesa, en Mugar dos, a 18 de xaneiro do ano dous mil dezanove.

Vº E PRACE  
A ALCALDESA

Asdo. MARÍA DEL PILAR DÍAZ OTERO